

## EDITORIAL

Polo San Xoan a sardiña molla o pan. A festa do Tinto en Barrantes, as cacharelas do solsticio, as sardiñas, os primeiros días de praia, o inicio das vacacións dos máis pequechos....San Xoan é un mes moi longo, cos días mais longos do ano. Nos traemosvos un boletín igual de longo, con moitos contidos. A gran María Casares, os avances das nosas hortiñas ou as opinións literarias do noso Faladoiro Literario...e de remate, un repaso a unha das lendas mais famosas do Salnés: a das nove ondas da Lanzada.

Saúdos.



## INDICE

- Persoeiro do mes : María Casares
- Axenda Cultural.
- Proxecto "As nosas hortiñas".
- Faladoiro Literario.
- Artigo: A lenda das nove olas. Un rito de fertilidade na noite de San Xoan.

## PERSOIRO DO MES : MARIA CASARES



Filla e neta de burgueses da Coruña, María Casares naceu nun ambiente cultivado, o 21 de novembro de 1922. O seu nome familiar foi *Vitola*. Finou en Alloue, Francia, o 22 de novembro de 1996.

María Casares marchou de Galicia ós nove anos. Nunca quixo volver á terra. Segundo ela, a súa herdanza cultural foi: *"unha*

*saúde a toda proba, o sentido do vaivén das estacións, o gusto pola natureza, o poder da concentración e da imaxinación, o gusto polos universos poéticos, un carácter forte, unha aceptación viva da vida e da morte..."* (da súa autobiografía *Residente Privilexiada*)

Os seus primeiros pasos no teatro son en Madrid, onde a familia se desprazara tralo nomeamento de Casares Quiroga como Ministro da República. Interpreta a unha meiga chepuda nunha peza de Benavente. Noutra representación coñece a Valle Inclán e a Federico García Lorca. Mais daquela, o seu interese polo teatro aínda non estaba consolidado.

O pai, Santiago Casares Quiroga, foi ministro de Mariña, Gobernación, Xefe do Goberno e Ministro da Guerra, sucesivamente, no Goberno de Azaña. Tralo golpe de 1936, Quiroga exíliase en Londres, logo en París. Seguiría moi vencellado á súa filla ata o final.

A nai, Gloria Pérez, de forte personalidade, era filla dunha cigarreira. Viviu con Santiago Casares Quiroga un matrimonio de aparencia, sendo amante na

realidade de Enrique López Tolentino, con quen a mesma María Casares mantería unha relación.

Cando estoura a Guerra Civil, en xullo de 1936, María Casares decide converterse en enfermeira. Os feridos comezan a chegar e sofre varios shocks que fan que o pai a retire do exercicio. Logo marcharán a Barcelona e de alí saltarán a Francia. O apelido Casares Quiroga (cartos a penas teñen) axúdalles a sobrevivir.

O interese de María Casares polo teatro, á parte dalgunhas obras escolares ou na casa, comezou ó pouco de chegar a Francia e animada pola súa nai. O seu carácter teimudo levouna a traballar arreo e a irse perfeccionando na interpretación. A pesar das dificultades que lle deu o seu acento e o escaso dominio do idioma para entrar no conservatorio, no terceiro intento acadou ser admitida coma alumna en 1941, sendo moi valorada a súa actuación polos avaliadores. Remata os estudos cun exame final no que interpreta a traxedia "*Berenice*" polo que obtén un accésit.

O seu primeiro papel profesional foi o da prostituta Elicia na obra "*A celestina*" no teatro Montparnasse. Axiña acada o protagonismo en "*Deirdre das Dores*", que representa no teato Les Mathurins, que se convertirá nunha casa para a nova actriz na que gozaría do respecto e admiración de todos durante os tres anos da súa estancia. O teatro era unha das primeiras salas independentes que primaban o

teatro de texto fronte ás grandes montaxes. María convértese tamén na protagonista de "*O malentendido*", a primeira peza teatral de quen será o seu amante durante anos, Albert Camus. Con apenas vinte anos, comeza a ser coñecida e admirada en todo París, tendo que rexeitar a numerosos pretendentes. Entra no cinema cun papel secundario nunha película de Marcel Carné, "*Os nenos do paraíso*" e pouco despois, en 1944 protagoniza "*As damas do Bosque de Boloña*" de Robert Bresson. Acada o papel protagonista na estrea de "*Estado*



María Casares con Albert Camus

*de sitio*", de Camus, e comeza a súa relación con Sartre, Simone de Beauvoir, Picasso ou Cocteau.

Dirixida por Jean Cocteau roda a película "*Orpheo*" (1950) xunto ó actor francés Jean Marais. A súa popularidade xa é universal.

Ten vinteseite anos cando entra na Comédie Française, grupo teatral con sede no teatro Odeón. Representa aquí "*Seis personaxes en busca de autor*" e a Xoana de Arco, entre outros papeis. Tamén participa na adaptación de "*A devoción da Cruz*", de Calderón de la Barca que realizou Camus.

Durante seis anos colabora co Teatro Nacional Popular (TNP), compañía pública cunha forte preocupación social, e participa na creación e potenciamento do festival de Avignon. Tanto a compañía coma o festival acadan un inmenso prestixio, e María interpreta intensamente: Lady Macbeth, María Tudor, Ana Petrova... En obras de Shakespeare, Victor Hugo ou Chekhov entre moitos outros.

En 1960 sacúdea a morte de Camus nun accidente de tráfico. En 1957 realiza unha xira co TNP por Sudamérica, durante a que é homenaxada polos exiliados galegos (Blanco amor, Dieste, Seoane, Laxeiro...) e se produce o reencontro coa súa lingua.

*"Agrádame estar entre a miña xente, en París non me é posible falar galego aínda que vou a Radio París ós recitais. Rosalía é a miña favorita pero tamén Curros, o da esperanza". "...ás veces, de súpeto, á volta dun camiño ou en calquera esquina urbana atopo a saudade. Daquela querería voltar. Nese mesmo instante. Pero todos nos debemos a un mandato que temos que cumprir. Pero aínda teño futuro por diante, e nese futuro véxome en Galicia, polos camiños de Galicia representando para o meu pobo de dándolle o mellor do meu espírito". "Son unha parte de Galicia, non o podo evitar".*

En Francia foi unha das actrices máis respetadas e aclamadas, non só polo conxunto da profesión e da crítica, sinon tamén do propio público. A "culpa" de que nola "roubasen" foi, indudablemente, da guerra. Pero o arte é universal, e alí, ou aquí, ou a miles de kilómetros de ningún sitio, si unha estrela brila con tanta forza, da luz o mundo enteiro. Eso ocorreu con ela.

En 1975 volta a Madrid en tren, e de novo o ano seguinte para representar "*El adefesio*" de Alberti. Durante as representacións enferma de Hepatite en Barcelona e volta á súa casa de campo en Charente, donde comeza a redacción das súas memorias, que titularía "*Residente Privilexiada*" e que acadarían un grande éxito de público.



Logo de moitos anos de relación casa en 1978 con André Schlessler, un actor secundario que coñecera durante a súa participación no TNP, nun acto que María interpreta coma unha unión simbólica a Francia, país do que obtén así a nacionalidade que aínda non quixera.

Durante os anos oitenta representa obras coma "*A noite de madame Lucienne*", dirixida por Jorge Lavelli, con quen volta traballar nas "*Comedias bárbaras*" de Valle-Inclán, que representa en español en París. Outras obras nas que participa son "*Dostoievski vai á praia*" de Marcos Antonio de la Parra ou "*Mein Kampf*", unha sátira sobre o nazismo.

Os recoñecementos chegan cando xa leva máis de corenta anos de carreira. En 1989 acada o premio Molière á mellor actriz de teatro e é nominada ós César. Recibe do goberno francés o Premio Nacional de Teatro, e desde España entréganlle a Medalla ó Mérito de Belas Artes. Obtén o premio Segismundo da Asociación de Directores de España e a medalla Castelao da Xunta, que non acode a recoller.

No ano de 1996, María Casares aceptará que os premios de teatro de Galicia levasen o seu nome, a petición da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escea.

Morre nese mesmo ano.

Tesón, rigor, talento... e insobornable espírito de superación: luz universal a de María Casares.

## AXENDA CULTURAL : Maio.

### Cervexería Encontro



- Sabado 7, as 18:00 : **Noite fechada + For a de Ser Vicio.**
- Venres 13, as 00:00 : **La Gramola.**
- Venres 20, as 00:00 : **French Conection Quartet.**
- Venres 37, as 00:00 : **Octopus Music Band.**



## AS NOSAS HORTIÑAS

As nosas hortiñas pouco a pouco collen forma. Algún dos nosos granxeiros último modelo mesmo xa disfrutou dalgunha leituga e fresa de balcón ...



## FALADOIRO LITERARIO

O noso Faladoiro Literario aséntase con reunións quincenais e unha decena de participantes. O longo do mes de maio puxéronse en común dúas obras, *“El nombre de la rosa”* de Umberto Eco, e *“El abuelo que saltó por la ventana y se largó”*, de Jonas Jonasson. Para ver as súas conclusións accede a través das fotos das portadas ou na sección da nosa páxina web .



<http://ascuncasculturais.wordpress.com/faladoiro-literario/>



## ARTIGOS

: *A lenda das nove ondas. Un rito de fertilidade na noite de San Xoan.*



ruínas máis modernas dun castelo do século XII.

Nesta península áchase a ermida dedicada a Nosa Señora da Area, pero que todo o mundo coñece como da Lanzada. A entrada principal da ermida da Lanzada mira cara ao mar. Poucos metros máis adiante hai unhas escaleiras que baixan ata as rochas. Alí encóntrase o «*berce da Santa*», un conxunto de pedras de formación natural que teñen forma de cama e que constitúen unha peza imprescindible no ritual de fecundidade. O outro elemento deste son as propias ondas da praia.



**Berce da santa**

A tradición manda que o ritual debe facerse na véspera do día de San Xoan. Os amantes deben ir esa noite ao «*berce da santa*» e consumir o acto sexual neste espazo que forman as pedras xunto á praia. A continuación, a muller debe ir á praia que está xunto á ermida e mollarse con «*auga de nove ondas*», de modo que cada unha delas lle chegue ata o ventre. Estas simbolizan os nove meses de embarazo, que -segundo os crentes- a Virxe concederá aos aspirantes a proxenitores.

## Outras variantes.

O ritual de fertilidade da Lanzada ten tamén as súas variantes, segundo están recollidas nas tradicións populares e na literatura. Unha delas é que a muller molle o seu ventre con sete ondas en vez de nove. Entra tamén dentro do ritual o acender unha vela de cera virxe despois do baño, e pasar por debaixo do retablo da capela como petición de amparo. Tamén hai datas alternativas, como son as vésperas dos días de festa en honor á virxe da Lanzada, ou o día da Ascensión, antes de saír o sol.



Antigamente existían outras praias que tiñan a mesma tradición de fertilidade que A Lanzada. Así, a de Placeres (ao outro lado da ría de Pontevedra), as do Val Miñor (ao Sur da provincia) e as augas próximas ao santuario de San Andrés de Teixido (A Coruña).

Pero o baño fertilizante da Lanzada non ten este único fin, posto que as súas augas libran os crentes doutros prexuízos, xa sexan os estritamente físicos como tamén os «*males de ollo*» e similares. Mesmo existe a crenza de que as nove ondas atraen a boa sorte, polo que é frecuente ver persoas tomando este particular baño.

Outro dos rituais que tamén se realizan os días de festa na Lanzada consiste en entrar na igrexa, vasoira en man, e varrer tres veces por detrás do altar para botar fóra -de forma simbólica- todos os males.

Estes ritos son -en opinión de moitos expertos- reminiscencias de cultos antigos cristianizados, onde perviven elementos pagáns como a crenza no poder fertilizante da auga e o culto a divindades femininas do mar.